

RESERVA DE PRAZA NO CENTRO ADSCRITO PARA O CURSO 2024-25

A Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos (D.O.G. do 8 de novembro) establece no seu artigo 27.1 que

O alumnado que remata a etapa de Educación Infantil e opte por cursar a Educación Primaria no centro adscrito (CEIP Francisco Vales Villamarín) deberá tramitar **RESERVA DE PRAZA entre o 15 DE XANEIRO e o 5 DE FEBREIRO (ambos incluídos).**

Segundo a devandita orde, no seu artigo 26, a **SOLICITUDE (Modelo ED550A)** poderá presentarse:

- Na escola, cubrindo e asinando a copia impresa.
- Na aplicación informática admisionalumnado (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>), a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> .

Para esta presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>)

Coirós, 12 de xaneiro de 2024